

SESIÓN EXTRAORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS

INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2008

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día dez de novembro de 2008, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión extraordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva das actas da sesión extraordinaria da corporación municipal de data 13 de xullo de 2007 e da sesión ordinaria de 26 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don José Venancio Salcines Cristal, do PSdeG-PSOE, por imposibilidade de asistencia de don Francisco Javier Varela Tejedor, e por delegación do Sr. alcalde.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Isabel Mª Fuentes Torices, interventora accidental.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Dona Mª Beatriz Ramos Padín, do PSdeG-PSOE, por delegación do Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra.
- Don Santiago Ríos Rama, do PP, por imposibilidade de asistencia de don Nicolás José Cubeiro Martínez.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PSdeG-PSOE.
- Dona M^a Jesús González Roel, do PP, por imposibilidade de asistencia de dona Goretti Pérez Eléxpuru.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do GM (PG).

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Erundina Prado Arcay, do PSdeG-PSOE; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Asiste, como secretaria, dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria da corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA
E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

1º Proposta de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais n.º 1, 3, 4, 5, 6, 7, 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15, 16, 18 e 20 para o exercicio 2009

Vista a proposta do concelleiro delegado da área de Facenda, Comercio e Emprego de data 23 de outubro actual, e concedida a palabra a don José Venancio Salcines Cristal, comeza a súa exposición dicindo que se inclúen na proposta ordenanzas que se incrementan e ordenanzas que non sofren incremento ningún. Así, por exemplo, conxélanse os prezos públicos por actividades culturais, actividades extraescolares municipais, actividades deportivas de verán e actividades xuvenís, etc, e o abanico de medidas non termina na conxelación deses prezos públicos, senón que tamén se vai máis alá abrindo un novo camiño de beneficiarios. Así, na Ordenanza Fiscal núm. 1 bonifícase aos titulares de familias numerosas; tamén para a xente nova e non tan nova que queira crear unha empresa en Cambre, aos que se beneficia polos trámites que teñen que levar a cabo na Axencia de

Desenvolvemento Local; introdúcense reducións en vehículos adaptados para o servizo de taxi; conxélanse os vados ata 100 m² e súbese ata o IPC para os grandes edificios, pero que non terá importancia pois se distribúe entre moitos coches; súbese por debaixo do IPC en instalacións deportivas municipais; introdúcese unha proposta do BNG para beneficiar ás familias numerosas na taxa pola subministración de auga e, en xeral, as subidas que se propoñen no resto de ordenanzas están vinculadas ao IPC.

Engade que o informe da Intervención municipal nuns casos é favorable, como nas Ordenanzas Fiscais núm. 1 (aínda que se alude a que hai omisións que poden dificultar a xestión das solicitudes de bonificación), núm. 3, 4, 5 e 9, pero o informe non é vinculante, polo que non impide ao pleno tomar a decisión que estime oportuna.

No dito informe, segue dicindo, alúdese a que se propoñen bonificacións que a lei non regula e, noutros casos, alúdese a que falta o informe económico-financeiro. Hai informe económico-financeiro na Ordenanza de auga e rede de sumidoiros e noutras non, pero porque se pensa que a ninguén se fai dano, e é xusto. Pregúntase como se vai a redactar un informe económico-financeiro cando se trata dunha medida política. Ademais, engade, non se podería facer polos técnicos e non cre necesario encargalo fóra para gastar diñeiro. As subidas son en casos moi concretos, son subidas de carácter político, e non é necesario gastarse o diñeiro en informes económico-financeiros externos. Na auga e rede de sumidoiros si hai informe e Intervención no o repara.

En canto ás bonificacións que Intervención informa negativamente, alude a unha sentenza do Tribunal Consitucional de 25 de abril de 2002 segundo a cal: *“A exención ou a bonificación, privilexio do seu titular, como quebra do principio de xeneralidade que rexe a materia tributaria, en canto que neutraliza a obriga tributaria derivada da realización dun feito xerador de capacidade económica, só será constitucionalmente válida cando responda a fins de interese xeral que a xustifiquen (por exemplo, por motivos de política económica ou social, para atender ao mínimo de subsistencia, por razóns de técnica tributaria, etc).”*. Di que non se trata de cuestionar á interventora, senón de que as medidas son lóxicas.

Concedida a palabra a don Felipe Andreu Barallobre, concelleiro do PP, manifesta que o informe da interventora non é vinculante, pero os informes económicos-financeiros son preceptivos, e se non os hai, calquera pode impugnar os acordos. Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai a ser a abstención.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, expón que quedaron sorprendidos cando viron o expediente. Tiveron varias reunións de traballo co equipo de goberno, e ven como se incluíron peticións que o seu grupo pedira xa o ano

pasado. Non queren entrar no fondo do asunto, pero preocúpalles a forma, pois consideran que os expedientes deben vir ben vestidos para que non haxa problemas.

Solicita que se voten só os expedientes nos que o informe é favorable, e o resto, que se completen. Queren que todos teñan as mesmas garantías de funcionalidade e de futuro e non botarse as mans á cabeza se se recorren os acordos. Volve solicitar que se suspenda o pleno, ou que se voten só as ordenanzas favorables e, en canto ás demais, que se fagan os informes, pois os poden facer os técnicos da casa.

Conclúe dicindo que é un tema serio, estase nunha situación de crise económica, e non se poden tomar as cousas á lixeira. Se non se fai así, a súa posición, agás nas ordenanzas que teñen o informe favorable, é de abstención.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, concelleiro de EU-IU, expón que o seu grupo non vai a apoiar as ordenanzas nas que o informe é desfavorable e, ademais, discrepan coa modificación dalgunhas ordenanzas, como na relativa á subida dos taxis.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PG), di que cada ordenanza debería ter sido obxecto dun punto na orde do día, para poder debater cada unha, e non ter incluído todas as modificacións nun único punto.

Don José Venancio Salcines Cristal, á vista do exposto, propón ditaminar só as que teñan informe favorable, e o resto das ordenanzas que queden sobre a mesa para que se complete o expediente. Así, propón ditaminar favorablemente a Ordenanza Fiscal núm. 1, e que por parte da Intervención se fagan as xestións necesarias ante a Deputación, e recoller aspectos formais substanciais para a tramitación á que alude o informe da interventora. Propón ditaminar favorablemente tamén a modificación das Ordenanzas Fiscais núm. 3, 4, 5 e 9.

Don Manuel Marante Gómez cre que o equipo de goberno é o responsable de facer o que estime pertinente, e se teñen os votos favorables suficientes, que o saquen todo para adiante.

Don José Venancio Salcines Cristal segue dicindo que tamén deberían sacar adiante a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 15, reguladora da taxa pola subministración de auga, pois neste caso o informe de Intervención, respecto da inclusión dunha bonificación na tarifa aplicable aos aboados titulares da condición de familia numerosa, e ás vivendas con máis de cinco membros sempre que todos eles estean empadroados, o que di é que ese beneficio fiscal iría en contra da xeneralidade dos tributos, pero aquí si hai un informe económico-financeiro, e este é un tema político.

Don Manuel Marante Gómez contesta que nuns casos se beneficia, pero tamén se está subindo noutros casos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo di que o problema se deriva ao falar de bonificacións, pero que non se trata de bonificar, do que se trata é de adecuar o custo do servizo ao número de persoas que viven nun domicilio, pois ao final se grava ás vivendas onde vive máis xente. Non se trata de beneficiar, senón de igualar a todo o mundo. Non é unha bonificación.

Engade que en Oleiros xa levan anos aplicando isto, e non teñen problemas. Cre que se pode facer un esforzo para cambiar o enfoque desta ordenanza e ter en conta o número de persoas que viven no domicilio.

Don Felipe Andreu Barallobre contesta que os informes dos técnicos non son discutibles, e iso si, por oportunidade política, os informes non son vinculantes e cada un que vote o que estime oportuno. Cre que é mellor convocar outro pleno.

E en canto á Ordenanza núm. 15, considera que se debe traballar para conseguir unha redacción correcta dende o punto de vista de Intervención, e se non se consegue, que se traia ao pleno como está.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que a Ordenanza Fiscal núm. 15 debe tratarse como está.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a modificación das Ordenanzas Fiscais núm. 1 (coas rectificacións que se fagan para o pleno por Intervención para facilitar a xestión das solicitudes de bonificación), 3, 4, 5, 9 e 15.

Votan a prol o concelleiro do PSdeG-PSOE e o concelleiro do BNG, vota en contra o concelleiro do GM (PG) e abstéñense o concelleiro do PP e o concelleiro de EU-IU.

A comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes aos concelleiros do PSdeG-PSOE e BNG, un voto en contra do concelleiro do GM (PG), e dúas abstencións correspondentes aos concelleiros do PP e EU-IU, en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta de acordo ao pleno da corporación:

Primeiro: Aprobar provisionalmente para o exercicio 2009 e seguintes as modificacións das Ordenanzas fiscais que a continuación se relacionan, segundo o texto incluído como anexo á proposta do concelleiro delegado da área de Fincenda, Comercio e Emprego de data 23 de outubro de 2008, como parte integrante do presente acordo:

- Ordenanza fiscal n.º 1, reguladora do imposto sobre bens inmobles: Modifícase o artigo 4º segundo a proposta, e coas rectificacións que se inclúan pola Intervención municipal para facilitar a xestión das solicitudes de bonificación, das que se dará conta no pleno para a súa aprobación, se procede.
- Ordenanza fiscal n.º 3, reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica: Modifícase o artigo 1º.
- Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras: Modifícase o artigo 3º.
- Ordenanza fiscal n.º 5, reguladora do imposto sobre incrementos de valor dos terreos de natureza urbana: Modifícanse os artigos 6º e 9º.
- Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros: Modifícase o artigo 5º.
- Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga: Modifícanse os artigos 5º e 6º.

Segundo: As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

Terceiro: As citadas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2009, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

Cuarto: Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Quinto: Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto das modificacións aprobadas.

Sexto: Deixar sobre a mesa a modificación das Ordenanzas fiscais n.º 6, 7, 10, 11, 12, 13, 14, 16, 18 e 20, incluídas na proposta do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego de data 23 de outubro de 2008, co fin de que se complete o seu estudo e se achegue a documentación necesaria.

2º Rogos e preguntas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11965 o 20 de setembro actual.

1º O muro que separa as vivendas da urbanización dos Castros do Bosque na estrada de San Pedro de Nós a Crendes, atópase nun estado lamentable. Numerosos veciños amosáronnos a súa preocupación porque poida virse abaixo. Por este motivo, rogamos ao equipo de goberno que nos informe de se ten coñecemento desta situación e se iniciou os contactos cos veciños para tratar de solucionarala.

Retírase.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11973 o día 20 de setembro actual, xunto coas preguntas ás demais comisións informativas.

1ª Contratación da asistencia técnica do programa Arume. En que mesa de contratación se explicaron ou debateron os pregos de contratación desta asistencia técnica?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que o 30 de setembro a mesa de contratación cualificou a documentación presentada polos licitadores.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, responde que a pregunta é se os pregos se explicaron e debateron nalgunha mesa de contratación, e a contestación é que en ningunha.

2ª En que situación están a elaboración de informes e propostas de adxudicación dos procedementos de contratación en curso?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que o informe da limpeza de edificios está. A proposta da iluminación pública está para ir á mesa de contratación, e falta o de zonas verdes.

3ª No pleno ordinario de xuño aprobouse unha moción do BNG na que se decidía a creación do Consello Municipal de Deportes:

Poden informar sobre os trámites iniciados para a súa creación?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que lles darán un borrador respecto da regulación noutros concellos para que vesan o que se pode facer e por se queren achegar ideas.

4ª Cal é a situación das obras de saneamentos en varias parroquias paralizadas polo abandono da empresa contratada?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que se vai a rescindir o contrato coa empresa que está agora. A empresa que abandonou está buscando unha cesión do contrato.

A continuación, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria correspondente á:

COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS

1º Rogos e preguntas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11966 o 20 de setembro actual.

1º Un tramo das beirarrúas que bordean a estrada que une Frais co centro de Cecebre atópase nun estado lamentable, facéndoo intransitable para os veciños. Por este motivo, rogamos ao equipo de goberno que inicie as xestións oportunas para reparala.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que irán a ver o tema os técnicos municipais.

2º O noso grupo denunciou hai tempo que se producira un burato nun tramo do Paseo Marítimo do Graxal. Transcorridos varios meses dende a nosa denuncia o afundimento

segue sen repararse polo que rogamos se nos informe dos motivos polos que non se realizou ata o momento.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que está reparado dende hai mes e medio. Foi a brigada de obras. Era un tubo que tiña unha filtración.

3º Numerosos veciños da urbanización dos Castros do Bosque manifestáronnos o seu malestar porque ninguén vacía as papeleiras na zona. Rogamos se nos informe dos motivos desta situación e das xestións realizadas polo equipo de goberno para solucionalo.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se notificou á empresa contratada para o mantemento da limpeza viaria. Fíxose unha vixilancia desa zona e doutras onde se incumpría o contrato. Están facendo agora eses servizos.

4º Nas últimas semans unha nena tivo un accidente no parque infantil situado ao carón da casa das Palmeras debido ao seu lamentable estado de conservación. Rogamos ao equipo de goberno nos informe destes feitos e dos contactos mantidos coa familia da nena accidentada.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que, oficialmente, non teñen constancia nin da policía local nin por outras persoas de que se producira ese accidente.

Don Felipe Andreu Barallobre responde que esta familia denunciou nun escrito que este parque incumpría a normativa, e se lle contestou que a lexislación era bastante ambigua, é dicir, non se sabe se o parque público incumpre ou non.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que lle dea o nome e apelidos da persoa para velo. Di que o solo non ten por que ser de cortiza, pois o garbancillo e o árido cumpren a normativa.

Rogos de EU-IU presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 11970 o día 20 de setembro actual, xunto coas preguntas.

1º Son numerosas as queixas manifestadas ao noso grupo, e cóstanos que tamén ao propio concello, de veciños/as polo mal funcionamento do servizo de colectores de recollida de lixo, situados nas inmediacións de centros de alimentación, motivado nos cheiros producidos polos restos de carne, pescado, etc.

Pregamos se efectue por parte do concello un control sobre a idoneidade da colocación e a situación de limpeza e hixiene que presentan estes recipientes.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que se falou co Consorcio, e antes de finalizar o ano xa haberá unha colocación dos novos colectores. Demandouse tamén que sexa o propio Consorcio o que aplique as sancións, independentemente de que o concello sancione por aplicación da Ordenanza de limpeza viaria.

2º As fontes e lavadoiros do noso concello foron tradicionalmente puntos de gran importancia para o desenvolvemento das actividades diarias dos cidadáns. Existen en Cambre aproximadamente 200 elementos deste tipo distribuídos por distintos lugares dende tempos inmemoriais, que de non remedialo e poñer en valor este patrimonio etnográfico e natural estamos abocados a perdelo para sempre. Varias destas instalacións están totalmente no máis absoluto abandono, coma é o caso da fonte de San Paio no lugar de Brexo.

O grupo municipal de EU-IU prega ao goberno local, realice un proxecto para reparar e acondicionar a fonte de San Paio, fronte ao cruceiro da igrexa, onde os veciños/as e demais cidadáns poidan gozar da súa auga.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que xa foi Protección Civil e estase acondicionando todas as fontes e lavadoiros do municipio, pois non saíu o da roza, onde tamén se adoita contemplar a roza destas fontes.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que alí non hai herba, o que piden os veciños é que teña auga. Teñen que meter unha barrena e limpala. Teñen que ir a velo, non vir á comisión informativa sen ter ido a ver a fonte.

3º Veciños/as de Espírito Santo e Cecebre denunciaron ante o noso grupo a paralización das obras que se están realizando na estrada CP-1703, un vial urbano na súa tipoloxía onde conviven tráfico de todo tipo de vehículos e peóns, transcorrendo na súa práctica totalidade entre vivendas preto da estrada, arrastrando un perigoso estado pola deficiente sinalización supoñendo un risco para as persoas que diariamente transitan pola zona, co risco de producirse accidentes.

Pregamos que por parte dos servizos técnicos do concello se realice un informe da situación, e de inmediato se requira da empresa responsable para corrixir as deficiencias existentes en materia de sinalización e seguridade no transcurso das obras.

Se nos informe do motivo da paralización das obras.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que é competencia da Deputación. É unha obra que leva directamente Alcaldía, que poderá informar disto. Segundo os técnicos municipais enviaron un informe das necesidades á Deputación.

4º O noso grupo ten recibido varias queixas dos veciños/as de San Lourenzo sobre o estado de abandono do espazo público existentes na parroquia, lugar de encontro e de lecer sobre todo de nenos/as, amosando un estado lamentable desmerecendo o propio lugar de espaxemento e recreo público.

Pregamos se adopten as medidas oportunas e se limpe e acondicione o mencionado lugar.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que cre que xa está feito.

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11973 o día 20 de setembro actual, xunto coas preguntas ás demais comisións informativas.

1ª As propostas para o POS 2009 deberán ser enviadas á Deputación antes do 30 de novembro.

Sobre que proxectos están traballando ou cales son as previsións para destinar os máis de 400.000 € que corresponden este ano?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o POS principal será a travesía do cemiterio, e no complementario incluírase pavimentación de camiños.

2ª No pleno do mes de xullo o grupo municipal do BNG presentou unha iniciativa para que se estudara o habilitar a parte posterior do centro de saúde de Cambre para aparcadoiro. Fundamentalmente ao servizo dos profesionais do centro. Persoal do centro, sobre todo os que fan visitas domiciliarias durante a xornada, insiste nos problemas que lles causa e o tempo que perden pola saturación de vehículos na zona pública.

Que xestións se teñen feito para avaliar esta proposta e cal é o resultado?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que as xestións as leva directamente a Alcaldía. Xa se contestará.

3ª Solicitamos que se informe sobre a marcha das diferentes obras públicas na parroquia do Temple e das previsións do seu remate.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o problema da Tapia se debeu ao tempo das últimas semanas. Mañá se empezará a abrir para despois pavimentar. Ao ter moito tránsito de camiós, os técnicos non aseguraban a compactación dos terreos.

4^a O xardín da casa de Arrigada. Teñen previsto a limpeza e roza deste xardín municipal?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que se facía en verá e creía que xa estaba feito.

5^a O pleno do concello, por iniciativa do BNG, aprobou unha moción que, entre outras cousas, decidía a publicación dun bando da Alcaldía informando dos requisitos e limitacións das cortas forestais.

Cando se vai publicar ese bando?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín di que a contestará o Sr. alcalde.

6^a Segundo podemos comprobar nas inmediacións das polideportivas do Graxal e dos Campóns, hai rexistros de pluviais sen tapa, co conseguinte perigo.

Hai algún plan para revisar estas instalacións e corrixir os desperfectos?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que xa se corrixiu. A empresa adxudicataria da auga e a brigada fan as revisións.

7^a Sobre o camiño municipal 335 en Fraís. Hai algunha novidade sobre o mantemento deste camiño no proxecto do novo vial que executa a Deputación?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que non o sabe, mirarao.

Preguntas de EU-IU presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11970 o día 20 de setembro actual, xunto cos rogos.

1^a Fai aproximadamente un mes o noso grupo poñía en coñecemento da concelleira responsable, que un espello existentes na Gándara, para facilitar a visibilidade para unha circulación máis segura, encóntrase fóra da posición axeitada, sen cumprir o obxectivo para o que foi instalado.

Para cando ten pensado o goberno dar as ordes oportunas para corrixir esta anomalía, tendo en conta o perigo de accidentes ante a deficiente visibilidade.

Dona M^a Beatriz Ramos Padín contesta que o espello que había na Gándara non o puxera o concello, e a policía non tiña constancia da súa existencia. Non estaba ben situado. Segundo a policía local, a zona de colocación sería en Oleiros, nunha casa particular, polo que se quitou.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que o puxeron os veciños, pois cren que é necesario. Solicita que se lle facilite o informe da policía local onde, segundo a concelleira, se di que non debe estar alí.

2^a Pode informarnos o Sr. alcalde se existe algún acordo entre a Consellería de Traballo e o concello para a rehabilitación das casas modernistas do Temple (chalés de Velly), para convertilos nun gran centro cultural?

Dona Erundina Prado Arcay contesta que ela non ten coñecemento ao respecto, en todo caso, informaralle o alcalde.

3^a Como se está aplicando no noso concello a Lei de dependencia.? Cantos casos foron avaliados?

Non se contesta, ao non estar a Sra. concelleira delegada da área de Servizos Sociais.

Faise constar que, sendo as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, incorpórase ao salón de sesións don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP.

4^a Ante as múltiples protestas dos veciños/as relacionadas coa maleza e masa forestal que invade camiños, beirarrúas e en moitos casos as propiedades alleas, co perigo que supón de risco de incendios e outros prexuízos.

Pode informarnos a responsable da área se asinou o goberno do concello algún acordo coa Consellería do Medio Rural nos anos 2007 e 2008, para a participación na prevención de incendios forestais, consistentes na realización de tratamentos preventivos tanto en camiños como en núcleos rurais?

Se a resposta é positiva, poden facilitarnos copia dos convenios de colaboración asinados para tal fin?

Poden informarnos dos lugares concretos onde se efectuaron os traballos?

Dona M^a Beatriz Ramos Padín entrega aos voceiros unha copia do convenio asinado.

5^a Insistentemente o noso grupo municipal ven manifestando a preocupación pola seguridade existente nos parques infantís do concello, que na súa maioría incumpren as normativas establecidas que regulan as normas mínimas para a seguridade dos usuarios nas áreas de xogo, este é o caso do parque da casa das Palmeiras no Temple, onde a súa superficie carece dun cerramento para a protección dos nenos/as do perigo constante pola proximidade da estrada.

Para cando pensa o goberno local corrixir as deficiencias existentes, e dar cumprimento á normativa?

Aínda que xa se contestou, don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, engade que o parque da Casa das Palmeiras incumpre a normativa, como no tema dos valos, que non os ten.

6^a Pode informarnos a responsable da área, por que non se dotou de pasos de peóns a estrada CP-1706, solicitados polo noso grupo dende o mes de xullo?

Don Juan Antonio Fernández López di que o retiran, pois xa ven que se está traballando neste tema.

Por último, examinouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria correspondente á:

**COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA,
NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ**

1º Rogos e preguntas correspondentes á sesión ordinaria do día 23 de setembro de 2008

Non se presentaron rogos

Preguntas do BNG presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 11973 o día 20 de setembro actual, xunto coas preguntas ás demais comisións informativas.

1ª Solicitamos que se informe sobre a marcha das obras da escola e as previsións para o seu remate.

Foi contestada no pleno.

2ª Na comisión informativa de agosto, a Sra. concelleira quedou en facilitarnos por escrito os datos que expuxo verbalmente sobre as subvencións de cultura da Deputación provincial e a participación na Rede cultural provincial. Cando nos vai facilitar o informe?

Entregouse xa o informe pola Sra. concelleira.

Don Juan Antonio Fernández López, concelleiro de EU-IU, solicita que se conteste por escrito a pregunta que se incluiu na Comisión Informativa de Ordenación do Territorio respecto de como se está aplicando no concello a Lei de dependencia e cantos casos foron avaliados.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e dúas horas, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e
Promoción Económica

Presidenta da Comisión Informativa de
Ordenación do Territorio, Medio
Ambiente, Obras e Servizos

José Venancio Salcines Cristal

Mª Beatriz Ramos Padín

Presidente da Comisión Informativa de
Educación, Benestar Social, Cultura,
Normalización Lingüística e
Participación Cidadá

A secretaria

Jaime Manuel López Lisnier

Mª Luisa de la Red Ampudia